

FSGal

FOROSOCIALGALEGO un outro mundo é posíbel

Pensar e construír alternativas desde Galiza

SANTIAGO DE COMPOSTELA
5, 6 e 7 de decembro de 2008

Seis cuestións ao redor do Foro Social Galego

Enmarcado no proceso do Foro Social Mundial, o FSGal celebrárase por vez primeira na Galiza

1 Por primeira vez en Galiza terá lugar un Foro Social Galego (FSGal), inserido no proceso do Foro Social Mundial e cumprindo a súa Carta de Principios. O FSGal non é unha organización, nin un colectivo, nin unha rede, nin pretende representar á sociedade civil... É un espazo de converxencia entre movementos sociais, de intercambio de ideas e de artellamento de accións, de procura de alternativas á orde neoliberal imperante no planeta.

2 O FSGal desenvolverase de xeito horizontal, coa adhesión e compromiso dos diferentes movementos sociais galegos –tamén persoas a título individual– e con actividades propostas e autoxestionadas por estes. Non ten, xa que logo, unha dirección, tan só un Consello dinamizador encargado de coordinar as propostas para elaborar o programa e de facilitar os espazos para o desenvolvemento do Foro. O Consello, formouse por mandato dunha Asemblea de Movementos Sociais celebrada o pasado 26 de xaneiro en Compostela.



TATIANA CARDEAL

3 Para participar no FSGal cada colectivo ou persoa individual debe primeiro facer a súa adhesión. Os cartos destas adhesións certifican o compromiso co proceso do FSGal e sobre todo garanten a independencia do mesmo, que non solicitará subvencións nin acepta patrocinio de empresas. As adhesións poden facerse até o 15 de novembro e será de 100 euros por colectivo ou de 10 euros por cada persoa a título individual.

4 Para propor actividades e metelas no programa do FSGal existiu un mecanismo na páxina web do foro. O prazo de presentación de actividades rematou a finais de setembro, e a finais de outubro o programa estará completamente deseñado. Antes de propor unha actividade os colectivos fixeron a adhesión ao FSGal. Para garantir o desenvolvemento e publicidade da actividade (locais, programa, etc.) existe unha cota de 100 por actividade que se comparte entre varios colectivos, pois priorizáranse actividades conxuntas entre colectivos para evitar a repetición de temas.

O prazo de pagamento e deseño final das actividades xa presentadas remata o 24 de outubro.

5 Persoas ou colectivos dispostas a colaborar na organización do FSGal poden presentarse como voluntarias.

6 O Foro terá tamén espazos paralelos de comunicación e proxeccións audiovisuais, unha carpa de colectivos e unha programación cultural.

ORGANIZACIÓN

O FSGal e os seus espazos paralelos

O Foro Social Galego, amais das actividades autoorganizadas e propostas polos movementos sociais contará tamén con **tres espazos paralelos** e unha **programación cultural**.

Ábrese un **prazo até o 24 de outubro** para facer propostas nos espazos paralelos e ser incluídas no programa de man do FSGal. O dito prazo consiste en presentar contidos para cubrir a programación de:

• **Espazo de Proxeccións Audiovisuais** (con programación propia de xeito continuo)

• **Espazo de Comunicación**, dedicado á presentación de libros, campañas, iniciativas, manifestos, rodas de prensa, etc., cun tempo limitado. Terá unha programación tamén continua e estará achegado á carpa de movementos sociais.

• **Carpa de movementos**: os movementos sociais adheridos ao FSGal disporán dun espazo na carpa de actividades polo feito de seren adherentes. Máis adiante remitiráselles información detallada sobre a cuestión. **Para facer adhesións entrar en www.forosocialgalego.org**

ENVIAR PROPOSTAS PARA CUBRIR O ESPAZO DE PROXECCIÓNS E MAILLO ESPAZO DE COMUNICACIÓN A:
programacion@forosocialgalego.org
DATOS A INCLUIR: Entidades ou persoas promotoras, descrición da actividade, e-mail e teléfono.
PROGRAMACIÓN CULTURAL:
cultura@forosocialgalego.org



+ INFORMACIÓN EN:

www.forosocialgalego.org

FSGal

FOROSOCIALGALEGO un outro mundo é posíbel

Pensar e construír alternativas desde Galiza

SANTIAGO DE COMPOSTELA
5, 6 e 7 de decembro de 2008

Listaxe provisional de Actividades autoxestionadas

OFSGal 2008 conta con 25 actividades de xeito provisional. Os colectivos promotores teñen até o 24 de outubro para achegar os datos definitivos das súas actividades e facer o

ingreso da cota. A programación definitiva será publicada na primeira semana de novembro.

Os colectivos poderán fundir as súas actividades se consideran que poden ser coincidentes. Para

iso, publicamos o título provisional de cada actividade, as entidades promotoras e o contacto electrónico. Moitas das actividades están pois abertas á colaboración doutros movementos e persoas.

Poden contactar ollando os contactos que se facilitan na listaxe.

Aclaracións, preguntas ou suxestións, así como datos definitivos (antes do 24/10) a: programacion@forosocialgalego.org

ACTIVIDADE 1

CAMIÑANDO CARA UN FORO MUNDIAL DA EDUCACIÓN EN GALIZA (ano 2010)

Seminario Galego de Educación para a Paz, Altermundo, Fundación Galiza Sempre, Igadi
Contacto: Manuel Dios: paz@sgep.org

ACTIVIDADE 2

A CIDADANÍA GLOBAL E A GOBERNANZA PLANETARIA Sem. Gal. de Ed. para a Paz, Altermundo, Fund. Galiza Sempre / Contacto: Manuel Dios: paz@sgep.org

ACTIVIDADE 3

TEATRO DO OPRIMIDO

Fran Ameixeiras / Contacto: mrhullot@yahoo.es

ACTIVIDADE 4

SUSTENTABILIDADE E CRECEMENTO

Adega, Unicef, Comercio Xusto
Contacto: Adela: adega@adega.info

ACTIVIDADE 5

A SOBERANÍA ALIMENTARIA: UNHA ALTERNATIVA A CRISE PROVOCADA POLAS POLÍTICAS AGRARIAS E ALIMENTARIAS

SLG, FGS, MMM, VsF, Amarante, Verdegaia / Contacto: Lidia: organizacion@sindicatolabrego.com

ACTIVIDADE 6

NEOLIBERALISMO EN CRISE: ONDE VAI O SISTEMA? Fundación Galiza Sempre, Confederación Intersindical Galega (CIG), Altermundo / Contacto: Xabier Macías: xmacias@galizasempre.org

ACTIVIDADE 7

O GALEGO NA DIVERSIDADE LINGÜÍSTICA

Fund. Galiza Sempre, CIG / Contacto: Chelo: organizacion@galizacig.net

ACTIVIDADE 8

GALICIA, TERRITORIO E ENERXÍA

Comité Emerxencia Ría de Ferrol, As. Fuco Buxán, Acsur-Las Segovias, Marcha Mundial das Mulleres.
Contacto: Lalán: comitecidadan@gmail.com

ACTIVIDADE 9

DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA

Médicos do Mundo
Contacto: Leví Olivares: levioli@hotmail.com

ACTIVIDADE 10

CONSUMO RESPONSÁBEL. ALTERNATIVAS DENDE GALIZA

Verdegaia, Amarante, Veterinarios Sen Fronteiras / Contacto: Xan Duro: xan.duro@usc.es

ACTIVIDADE 11

CONSTRUÍNDO CIDADANÍA: RENDA BÁSICA, SOCIEDADE CIVIL E MOV. SOCIAIS FRONTE AO IMPERIALISMO AIS "O Peto", Solidariedade internacional: Ospaaal-Galiza, Fundación Galiza Sempre
Contacto: Xabier Ron: ospaaal_galicia@yahoo.es

ACTIVIDADE 12

MULLERES CIGANAS NA GALIZA

Coordinadora Nacional da Marcha Mundial das Mulleres / Contacto: marchagaliza@gmail.com

ACTIVIDADE 13

POR UNHA ALTERNATIVA AO MODELO CAPITALISTA. RESPONDA DA CIDADANÍA FRONTE A CRISE.

Plat. Alternativa, Axunica, Mádía Leval, Sinerxia / Contacto: Carlos Dafonte: cdafonte@edu.xunta.es

ACTIVIDADE 14

GALIZA FRONTE AO CÉNITO DO PETRÓLEO: CONSECUENCIAS SOCIOECONÓMICAS E RESPONDA POLÍTICA Asociación "Véspera de Nadal" por unha Galiza sen petróleo, Permacultura Galiza, Greenpeace, Redes Escarlata / Contacto: Manuel Casal Lodeiro: vesperadenada@redegalega.org

ACTIVIDADE 15

PRESENTACIÓN DA MARCHA MUNDIAL POR LA PAZ Y LA NO VIOLENCIA

Mundo sen Guerras e sen Violencia
Contacto: ruben.sanchez.i@gmail.com

ACTIVIDADE 16

UNHA GALIZA INTERCULTURAL

Foro Galego da Inmigración
Contacto: Miguel Fdez. Blanco: foroimmigracion-santiago@yahoo.es

ACTIVIDADE 17

MANIPULACIÓN DA MEMORIA NOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN: COLOMBIA COMO PARADIGMA

Ospaaal, Foro pola Memoria Republicana de Galicia / Contacto: Ron: ospaaal_galicia@yahoo.es

ACTIVIDADE 18

INTERNACIONALISMO COMO BASE DA SOLIDARIEDADE ENTRE OS POBOS

OSPAAAL, As. Gómez Gayoso e Seoane Sánchez, Foro pola Memoria de Galicia, As. Brigadista de Galicia / Contacto: Ron: ospaaal_galicia@yahoo.es

ACTIVIDADE 19

RECUPERAR A MEMORIA HISTÓRICA. AS VÍTIMAS DA REPRESIÓN FRANQUISTA

As. Memoria Histórica da Coruña / Contacto: Rubén Afonso Lobato: ruplo@mun-do-r.com

ACTIVIDADE 20

CONSUMO CONSCIENTE?

Rede de Consumo Consciente Galiza / Contacto: Gonzalo Gesto: gonzalogesto@avogacia.org

ACTIVIDADE 21

SOFTWARE LIBRE

GALPon MiniNo GestíONG/XestíONG / Contacto: Miguel Anxo Bouzada: mbouzada@gmail.com

ACTIVIDADE 22

DIVERSIDADE FUNCIONAL

Promotoras: Tit. individual, búscanse alianzas / Contacto: Isabel Lodeiro: mareaaberta@hotmail.com

PLENARIOS COMÚNS

ACTIVIDADE 23

GALIZA E OS PAÍSES DE LINGUA PORTUGUESA NO FORO SOCIAL MUNDIAL

Colectivos integrantes do Consello do FSGal
Contacto: programacion@forosocialgalego.org

ACTIVIDADE 24

PERSPECTIVAS DO ALTERMUNDIALISMO

Colectivos integrantes do Consello do FSGal / Contacto: programacion@forosocialgalego.org

ASEMBLEA DE MOVEMENTOS SOCIAIS

Espazo para a celebración dunha Asemblea de Movementsos Sociais **autoconvocada e aberta** a todos os movementos e persoas. **Será o Acto de peche do FSGal.**